

## **UN GRUPO DE ALUMNAS E ALUMNOS DE 3º ESO (CURSO 2020-2021) RECIBEN O SELO DE CALIDADE EUROPEO POLO SEU TRABALLO NO PROXECTO ETWINNING “POETAS PENINSULARES, MESTRES DA MESMA LINGUA”**

O proxecto centrouse na análise dos textos literarios de Idade Media, concretamente nas composicións da poesía trobadoresca que, a pesar de seren compostas por poetas de diferentes países, comparten un tronco común: a lingua galego-portuguesa.

Para os dous grupos de traballo, portugués e galego, esta tarefa constituíu a primeira experiencia eTwinning, unha actividade innovadora para o alumnado, tanto polo feito de traballar por primeira vez con estudantes doutro país, como polo descubrimento de ferramentas dixitais descoñecidas até o momento para eles e elas. O proxecto, centrado no currículo das materias implicadas (Lingua e Literatura Galega e 2ª Lingua Estranxeira Portugués), tivo como principal obxectivo a colaboración entre o alumnado en diferentes actividades, co fin de ampliar coñecementos sobre diferentes contidos, como a literatura galego-portuguesa, a historia medieval ou a análise dos textos literarios e a sociedade do medievo desde unha perspectiva de xénero. Para levar a cabo ese traballo, foi necesario explorar diferentes ferramentas que posibilitaron a súa interacción e a elaboración do produto final: un libro dixital cos contidos adquiridos a través dun proceso intenso de investigación.

### **Alumnado participante:**

Blanco Manteiga, Lúa

Blanco Pedreira, Selma

Castro Regueiro, Lucía

Collazo Sanjurjo, Álvaro

García Candal, Diego

Graña Fraga, Hugo

Grobas Cambre, Diana

Iglesias Grobas, Gloria

López Fraga, Daniel

Manteiga Manteiga, Eric Manuel

Maroño Neira, Noemí

Martínez Sánchez, Sabela

Pernas Presedo, Miguel

Regueiro Sánchez, Claudia

Rial Bello, Lucía